

25


anos educando

# O QUE PASABA NO 2000


## NO MUNDO:



- Proclamación do republicano George W. Bush, como presidente dos EEUU.
- En París, un Concorde estrélase dous minutos despois de despegar e morren 113 persoas.
- O submarino nuclear ruso "Kurks" queda atrapado no fondo do Mar de Barents e os seus 118 tripulantes falecen.
- O prezo do petróleo ponse polas nubes e os depósitos de gasolina de medio mundo reséntense.



## EN GALICIA:



- Numerosísimas manifestacións contra a nova lei de universidades nas que participan profesores e estudantes.
- Inaugúrase o complexo de tratamiento do lixo de Cerceda "Sogama".
- Comeza a crise das vacas tolas.
- Desaparece o COU e implántase de forma xeral o novo Bacharelato.
- Santiago capital europea da cultura.
- Xosé Miranda publica "Infancia e desventura de Lino Carrán".
- O día das letras é adicado a Manuel Murguía.



## EN ESPAÑA:



- Alumnos de Secundaria e Bacharelato protagonizaron unha xornada de protesta en 30 cidades, contra a reforma das probas de acceso a Universidade.
- O mal das "vacas tolas" maniféstase en España cunha vaca afectada en Galicia.


Pedro Almodóvar gaña un Oscar de Hollywood por "Todo sobre mi madre".

El Rei, na celebración dos 25 anos de Monarquía, pide unión contra o terrorismo e condea o asasinato de Ernest Lluch, na véspera deste día.

José Luis Rodríguez Zapatero foi elixido novo secretario xeral do P.S.O.E.

O presidente de Telefónica, Juan Villalonga, decidiu a retribución a directivos e traballadores mediante un plano de "stock options" e cinco ampliacións de capital. Meses despois, caído en desgracia frente ao goberno que o nomeou, dimitiu de seu cargo.

## EN ELVIÑA:



- Curso 2000-01**  
Na semana das Letras Galegas celebrouse unha exposición relativa a Eladio Rodríguez González, con material cedido pola profesora María Alonso.

"Última Lectio" titulada "A globalización e valores inmateriais", impartida por D. Xulio López Valcárcel.

No Certame de Teatro "Candilejas Don Bosco" obtivo o 1º premio xeral de interpretación masculina Miguel Ríos López.

Elaborouse a guía "Voz Natura" da praza da Milagrosa de Elviña en colaboración co Concello

Xubilouse a profesora Angeles Bouzas Villalón o día 22 de xuño.

Recibimos o VI Premio á Educación Científica. Concesión de Mención Honorífica da Federación Empresarial da Industria Química Española.

Marta Faraldo Sánchez logra a medalla nas Olimpiadas de Física e Química na fase galega; medalla en Física na fase estatal. Participa na Olimpiada Internacional de Química que se celebrou en Bombay.

Premio Extraordinario de Bacharelato para Leticia Barbadillo Vázquez.